

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

*ORDE do 3 de abril de 2013 pola que se regulan e se convocan as subvencións para axudar a cubrir as necesidades de liquidez das explotacións leiteiras.*

A persistencia da crise económica, a baixada dos prezos do leite, así como o incremento dos prezos dos insumos e subministracións, están provocando unha difícil situación ás explotacións leiteiras da nosa comunidade autónoma.

Por estes motivos considérase necesario que a consellería promova coas entidades financeiras unhas medidas específicas de cooperación, de xeito que os interesados poidan dispoñer de liquidez mediante a concesión de préstamos por parte das ditas entidades, que lles axuden a facer fronte a esta situación, asumindo a Administración parte dos custos dos xuros correspondentes.

As medidas reguladas nesta orde réxense polo réxime establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aínda que acolléndose expresamente ao procedemento de concesión en concorrencia non competitiva, conforme o previsto no artigo 19.2 da dita lei.

Pola súa banda, estas axudas outorgaranse ao amparo do disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción dos produtos agrícolas (DOUE nº L 337, de 21.12.2007), e quedan condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e das competencias que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e convocar as axudas *de minimis*, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas a axudar a cubrir as necesida-



des de liquidez das explotacións leiteiras mediante a bonificación de xuros dos préstamos que subscriban os titulares de explotacións agrarias de acordo co especificado no artigo 3.

## Artigo 2. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de explotacións leiteiras de vacún de leite con cota asignada no intre da solicitude de axuda que cumpran as seguintes condicións:

a) Que teñan solicitada a axuda do réxime de pagamento único (RPU), recollida no capítulo II do título II da Orde do 1 de febreiro de 2013 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2013 (DOG nº 25, do 5 de febreiro), e/ou que teña solicitada a axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os agricultores do sector de vacún de leite, recollida no capítulo IV, sección 2ª, subsección 6ª da dita orde.

b) Que formalicen, ata o 15 de xuño de 2013 incluído, un préstamo con algunha das entidades colaboradoras acoollidas ao correspondente convenio, por unha contía máxima equivalente ao 90 por cento das cantidades solicitadas das axudas indicadas no parágrafo anterior, e non inferior a 1.000 euros. Esta cantidade poderase obter (descontando, de ser o caso, o importe da modulación) do documento de estimación de importes de axudas directas á agricultura e gandería que se obtén ao tramitar a solicitude unificada.

c) Que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Cando unha explotación das previstas no punto anterior pertenza a varias persoas integradas nunha comunidade de bens ou sociedade civil, poderá resultar esta beneficiaria da axuda, coa condición de que cumpra os requisitos exixidos para iso, así como as exixencias previstas para estas agrupacións no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que deberán facer constar expresamente, segundo o modelo do anexo II desta orde, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán, igualmente, a consideración de beneficiarios. Deberán nomear un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario correspondan á agrupación e non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 da citada Lei de subvencións de Galicia.



**Artigo 3. Características dos préstamos subvencionados e obrigas dos beneficiarios**

1. O prazo para formalizar os préstamos subvencionados será o indicado na letra b) do número 1 do artigo 2 desta orde.

2. O prazo para cancelar o préstamo polo beneficiario será de oito días despois do ingreso do importe da axuda do réxime de pagamento único (RPU) da Orde do 1 de febreiro de 2013.

3. As condicións dos préstamos determinaranse nos convenios que se subscriban, nos cales se establecerá o tipo de xuro que será satisfeito pola Consellería do Medio Rural e do Mar e o momento do pagamento do importe do principal aos interesados.

**Artigo 4. Tipo de axuda**

1. As axudas establecidas nesta orde consistirán na bonificación de 3,30 puntos dos xuros dos préstamos que o beneficiario subscriba coas entidades financeiras colaboradoras, para que os solicitantes poidan dispor dunha cantidade máxima do 90 por cento da cantidade solicitada da axuda do réxime de pagamento único (RPU) e do 90 por cento da cantidade solicitada da axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os agricultores do sector de vacún de leite, recollidas na Orde do 1 de febreiro de 2013.

2. Estas axudas outorgaranse ao amparo do disposto no Regulamento (CE) nº 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro de 2007, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* no sector da produción dos produtos agrícolas (DOUE nº L 337, do 21.12.2007), e quedan condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

3. De acordo co artigo 1 dese regulamento estas axudas non poderán ser:

a) axudas cuxo importe se fixe sobre a base do prezo ou a cantidade dos produtos comercializados;

b) axudas a actividades relacionadas coa exportación;

c) axudas subordinadas á utilización de produtos nacionais con preferencia aos importados;

d) axudas concedidas a empresas en crise.



### Artigo 5. *Contía da axuda*

A contía da axuda consistirá na bonificación de 3,30 puntos do tipo de xuro anual sobre o préstamo que o beneficiario subscriba coas entidades financeiras, e o xuro total máximo será do 5,50 %. Esta contía non poderá exceder 7.500 € durante un período de 3 anos, incluíndo o total de axudas *de minimis* percibidas polo beneficiario nese mesmo período.

### Artigo 6. *Procedemento de concesión da axuda*

O procedemento de concesión destas subvencións efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva.

### Artigo 7. *Tramitación*

1. Os titulares de explotacións que teñan formalizado un préstamo coas entidades financeiras colaboradoras no marco do convenio indicado no artigo 1 poderán presentar nas oficinas agrarias comarcais da Consellería do Medio Rural e do Mar, ou en calquera forma das previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ata o 1 de xullo de 2013 incluído, a solicitude de axuda aos xuros de acordo co modelo do anexo I desta orde. Tamén se poderá presentar electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, no enderezo <http://www.xunta.es/sede-electronica>

2. Para solicitar a axuda presentarán a seguinte documentación:

– Anexo I .

– Fotocopia do DNI (só no caso de non autorizar a consulta de datos do Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia) ou do NIF (entidades xurídicas).

– Copia da correspondente póliza de préstamo formalizada.

– No caso de comunidades de bens e sociedades civís, declaración da porcentaxe da execución de compromisos e de subvención, segundo o modelo que figura no anexo II.

– Declaración das axudas solicitadas ou concedidas por calquera concepto suxeitas ao Regulamento (CE) 1535/2007 da Comisión, do 20 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis*, durante o período dos 2 exercicios



fiscais anteriores á data de presentación desta solicitude e no exercicio fiscal en curso (anexo III).

– Declaración de calquera outra axuda solicitada, tanto aprobada ou concedida como pendente de resolución, solicitada para o mesmo fin a outras administracións ou entes públicos ou privados (anexo III).

– Declaración do cumprimento dos requisitos e obrigas sinalados nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (anexo III).

– Declaración de non ter a condición de empresa en crise, conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación ás pemes, e conforme o disposto no número 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación coas grandes empresas (anexo IV).

3. Así mesmo, a presentación da solicitude polo interesado comporta a autorización ao órgano xestor para comunicar ás entidades financeiras as solicitudes de cambio de domiciliación dos pagamentos das axudas recollidas na Orde do 1 de febreiro de 2013 que presenten os titulares de explotacións leiteiras con préstamos formalizados ao abeiro desta orde.

4. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se presentar a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirá o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

#### Artigo 8. *Resolución*

1. Unha vez comprobados os requisitos do solicitante polos servizos técnicos da Consellería do Medio Rural e do Mar, a Dirección Xeral de Producción Agropecuaria elevará a proposta de resolución ao secretario xeral de Medio Rural e Montes, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar, en canto órgano encargado da resolución das axudas. As solicitudes iranse resolvendo a medida que se vaian presentando.



2. Na resolución de concesión de axuda farase constar a contía da subvención do tipo de interese dos préstamos e indicarse o seu carácter *de minimis*, de conformidade co Regulamento (CE) nº 1535/2006. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

#### Artigo 9. *Notificación, silencio administrativo e recursos*

1. A resolución da concesión da axuda esgota a vía administrativa. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de tres meses a partir da data de presentación da solicitude. Se transcorrer o citado prazo máximo sen se ditar resolución expresa do órgano competente, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de acordo co establecido no artigo 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Contra a resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante a conselleira do Medio Rural e do Mar no prazo dun mes a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 10. *Publicación*

1. A resolución publicarase nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, expresando o beneficiario, a finalidade, a contía e a aplicación orzamentaria, polo que a formalización do préstamo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios.

2. De conformidade cos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería do Medio Rural e do Mar publicará no



*Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

#### Artigo 11. *Liquidación da subvención*

1. A Consellería do Medio Rural e do Mar a través do Fogga, unha vez comprobado o cumprimento dos condicionantes establecidos pola normativa correspondente a cada axuda da PAC, ingresará o importe das axudas recollidas na Orde do 1 de febreiro de 2013, na conta indicada polo produtor, a partir do 1 de decembro de 2013 ou antes se existir autorización da Unión Europea conforme o Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os Regulamentos (CE) nº 1290/2005, (CE) nº 247/2006, (CE) nº 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) nº 1782/2003.

2. A liquidación do tipo de xuro será practicada pola entidade financeira, unha vez cancelado o préstamo polo beneficiario, que terá que realizarse no prazo de oito días após o ingreso do importe das axudas a que se fai referencia no número anterior ou da recepción da resolución denegatoria delas.

3. A Administración aboará antes do 31 de decembro de 2013 aos interesados, na mesma conta que a consignada para as axudas referidas no número 1 deste artigo, o importe do xuro subvencionado unha vez que se practique a cancelación do préstamo indicado no número anterior.

#### Artigo 12. *Modificacións*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.



2. O beneficiario queda obrigado a comunicar á Consellería do Medio Rural e do Mar calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para que foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas *de minimis* e doutras axudas para o mesmo fin no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

3. O órgano competente da Consellería do Medio Rural e do Mar poderá acordar a modificación da resolución de concesión por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade destas bases.

b) Que a modificación non cause prexuízos a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

5. A resolución de modificación establecerá as novas condicións da concesión e, se é o caso, decretará o reintegro do indebidamente percibido. En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar o importe da subvención inicialmente aprobada.

6. O cambio de beneficiario da axuda poderá ser autorizado polo secretario xeral de Medio Rural e Montes, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar, sempre que se acredite documentalmente a subrogación na totalidade dos dereitos e obrigas derivados da actividade subvencionada e, especificamente, da operación subsidiada, así como o cumprimento dos requisitos establecidos no número 3 anterior. Presentarase a solicitude asinada polo novo titular, que deberá cumprir os mesmos requisitos do beneficiario da axuda, acompañada da documentación acreditativa da subrogación, e con constancia do consentimento do anterior beneficiario.





**Artigo 13. Réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades**

O réxime de reintegros, infraccións, sancións e responsabilidades aplicables será o regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

**Artigo 14. Control**

1. Os beneficiarios da axuda quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe a Consellería do Medio Rural e do Mar, o Fogga ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases.

2. O beneficiario queda obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

**Artigo 15. Incompatibilidade**

As axudas financeiras previstas na presente orde serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan conceder outras administracións públicas.

**Artigo 16. Convenio de entidades financeiras colaboradoras**

1. Poderán adherirse ao convenio todas aquelas entidades financeiras que colaborasen co Fogga na tramitación das axudas recollidas na Orde do 1 de febreiro de 2013.

2. Tamén poderán instar a súa adhesión ao convenio todas aquelas entidades financeiras acreditadas polo Banco de España que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurar a correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido no convenio, nestas bases e nos seus anexos.

3. As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



### Artigo 17. *Financiamento*

1. As axudas financeiras reguladas nesta orde faranse efectivas con cargo ás aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2013, 12.22.712B.470.0 (C.P. 2010 01153), cun importe de 150.000,00 euros, e 12.22.712B.470.0 (C.P. 2013 00716), cun importe de 100.000,00 euros.

2. A dita cantidade poderá ser incrementada con fondos adicionais procedentes desta ou doutras administracións, tendo en conta o disposto no artigo 30 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Disposición adicional primeira

Nos aspectos non regulados nesta orde observarase o disposto na Lei 9/2007, do 14 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

#### Disposición adicional segunda

Os documentos exixidos nesta convocatoria e que figuren nos diferentes rexistros da Consellería do Medio Rural e do Mar ou na súa base de datos non será necesario que os presente a persoa solicitante, e serán obtidos directamente pola unidade tramitadora do expediente. Así mesmo, terase en conta o que establece a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 12 de xaneiro de 2012 (DOG nº 10, do 16 de xaneiro), pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico.

#### Disposición derradeira primeira

Facúltase a directora xeral de Producción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2013

Rosa M<sup>a</sup> Quintana Carballo  
Conselleira do Medio Rural e do Mar



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA CUBRIR AS NECESIDADES DE LIQUIDEZ DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>MR259A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<b>I. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>		
APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	NRO EXP.SOL. UNIFICADA 2013
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO (RÚA, Nº E ANDAR)	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non necesario se coincide co anterior)</b>			
ENDEREZO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

<b>II. FINANCIAMENTO</b>		
DATA DE FORMALIZACIÓN	IMPORTE	Nº DE PÓLIZA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>III. DATOS DA CONTA BANCARIA</b>			
NOME DA ENTIDADE	CÓDIGO CONTA CORRENTE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>IV. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (en orixinal ou copia cotexada)</b>
<input type="checkbox"/> Copia da correspondente póliza de préstamo formalizada.
<input type="checkbox"/> Declaración de cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario e declaración do conxunto de todas as axudas <i>de minimis</i> por calquera concepto concedidas ao solicitante polas distintas administracións públicas competentes, durante o período dos 3 anos anteriores á data de presentación desta solicitude, segundo o modelo que figura no anexo II.
<input type="checkbox"/> No caso de comunidades de bens ou sociedades civís, compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e importe da subvención que se lle vai aplicar a cada un deles, segundo o modelo que figura no anexo III.
<input type="checkbox"/> Declaración de non ter a condición de empresa en crise, conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación ás pemes, e conforme o disposto no número 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación coas grandes empresas, segundo o modelo que figura no anexo IV.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas financeiras reguladas na Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar e **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE** que todos os datos que figuran nesta solicitude son certos e acepta que son necesarios para a tramitación do expediente de referencia, e que a consecuencia da falsidade dalgún deles dará lugar ás responsabilidades exixibles legalmente. Igualmente o solicitante **DECLARA** formalmente non estar suxeito a ningunha sanción que o inhabilite para a obtención de axudas públicas.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día nas obrigas tributarias.

 SI  NON

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día nas obrigas tributarias.

 SI  NON

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, para a obtención do certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social de estar ao día nas obrigas fronte á Seguridade Social.

 SI  NON

Igualmente, autoriza a Consellería do Medio Rural e do Mar para comunicar ás entidades financeiras as solicitudes de cambio de domiciliación dos pagamentos das axudas do réxime de pagamento único e do pagamento adicional do sector agrario con préstamo formalizados ao abeiro desta orde.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

O solicitante **AUTORIZA** o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais da Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde de Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

 SI  NON (no caso de non dar esta autorización debe anexar copia compulsada do DNI)**LEXISLACIÓN APLICABLE**

*Orde do 3 de abril de 2013 pola que se regulan e convocan as subvencións para axudar a cubrir as necesidades de liquidez das explotacións leiteiras.*

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

LUGAR E DATA

 ,  de  de 

Consellería do Medio Rural e do Mar





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR

## ANEXO II

## DECLARACIÓNS

Don/Dona , con NIF nº   
en nome e representación de , con NIF nº

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- Que solicitou e/ou obtivo as axudas *de minimis* que se relacionan a seguir:

	ORGANISMO E ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA
Axudas de <i>de minimis</i> dos 3 exercicios anteriores			

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Tamén declara que:

- Non ten solicitada ningunha axuda para o mesmo fin a ningún organismo público nin entidade.
- Ten solicitada (aprobada, concedida ou pendente de resolución) a seguinte axuda.

Organismo / Entidade concedente	Nome da axuda	Ano de solicitude	Importe	Estado <sup>(1)</sup>

<sup>(1)</sup> Aprobada, concedida ou pendente de resolución.

- Para os efectos do previsto no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o solicitante declara que:

- Non foi condenado por sentenza firme á pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Non solicitou a declaración de concurso, non foi declarado insolvente ou en concurso nin está suxeito a intervención xudicial nin inhabilitado conforme a Lei concursal.
- Non deu lugar, por causa de que o tivesen declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- A persoa física, os administradores ou o representante legal, segundo o caso, do solicitante, non están incurso en ningunha das causas de incompatibilidade establecidas na normativa vixente.
- Encóntrase ao día nas súas obrigas fiscais, no pagamento de cotas á Seguridade Social e non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega.
- Non ten residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Está ao día no pagamento das obrigas por reintegro de subvención.
- Non foi sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei xeral de subvencións e a Lei de subvencións de Galicia ou a Lei xeral tributaria.

E para que así conste, para os efectos de solicitar as axudas para cubrir as necesidades de liquidez das explotacións leiteiras, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

LUGAR E DATA

,  de  de





Don/Dona , con NIF nº   
en nome e representación da comunidade de bens/sociedade civil

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

Que os membros que integran a comunidade de bens/sociedade civil son os que se relacionan na seguinte táboa; a porcentaxe de execución asumida por cada membro da comunidade de bens/sociedade civil e a porcentaxe de subvención que se lle vai aplicar a cada un deles son as que se indican a seguir:

NIF	NOME OU RAZÓN SOCIAL	% DE EXECUCIÓN	% DE SUBVENCIÓN

E para que así conste, para os efectos de solicitar as axudas para cubrir as necesidades de liquidez das explotacións leiteiras, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

LUGAR E DATA

,  de  de 



## DECLARACIÓN DO SOLICITANTE DA AXUDA

Na súa calidade de titular de explotación agraria, Don/Dona

con NIF nº  ou na súa calidade de representante da entidade

con NIF nº  con domicilio social en

**DECLARA:**

Que a explotación agraria non se atopa en situación de crise, conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación coas pemes, e conforme o disposto no número 2.1 das Directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación coas grandes empresas.

O/A abaixo asinante responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

LUGAR E DATA ,  de  de

